

Os depósitos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no Museo Provincial de Lugo

María Quiroga Figueroa

Resumo: neste artigo faise un percorrido polos oitenta anos de historia dos depósitos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no Museo Provincial de Lugo.

Resumen: En este artículo se hace un recorrido por los ochenta años de historia de los depósitos del Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía en el Museo Provincial de Lugo.

Abstrac: This article covers the 80 years of history of the collections from the Reina Sofía National Museum and Art Centre at the Provincial Museum of Lugo.

A práctica de depositar obras de arte en museos e institucións públicas dende os museos estatais comeza a finais do século XIX, continuando no primeiro cuarto do século XX e intensificándose durante os anos da Segunda República Española; neste intre danse dous factores que van favorecer estes envíos, por unha banda os novos criterios expositivos fan que se liberen as atestadas salas dos museos para dar paso a unha exposición máis ordenada e, por outra banda, será nesta época cando prolifere a creación de novos museos de carácter municipal e provincial fundamentalmente.

O Museo Provincial de Lugo nace o ano 1932 dentro deste contexto, grazas ao empeño dun grupo de persoas interesadas pola cultura e pola súa provincia, que non obstante, terán que fazer fronte a un problema que se prolongará ao longo dos seus primeiros anos de andadura, a falta de cartos, imprescindibles tanto para contratar persoal, acondicionar os locais cedidos para tal fin pola Deputación Provincial e para a adquisición de pezas. Neste último punto, parece que a sección de Arqueoloxía era a que revestía menor problema xa que quedaba suficientemente representada coa chegada dos materiais arqueolóxicos que estaban sendo retirados da Muralla Romana de Lugo. As pezas da Sección de Belas Artes resultaban, non obstante, insuficientes e por iso a consecución de obras en depósito procedentes de museos estatais parecía a solución máis axeitada.

Por todo iso, a historia dos depósitos dos que imos falar vén aparellada aos oitenta anos de historia do MPL, xa dende o mesmo momento da súa xestación e antes por suposto da súa apertura ao público van sufrir algunas modificacions como cambios de titularidade.

O primeiro que temos que ter claro é que un depósito é un préstamo e que ten sempre un carácter temporal, o que queda perfectamente definido na lexislación española que aparece ao respecto a partir dos anos oitenta do século XX, xa que ata ese momento os depósitos temporais de bens estatais non contaban con máis protección legal que as Reais ordes e as Ordes ministeriais que permitían as saídas e as entregas das obras de arte. Primeiro será o Real decreto de 29 de decembro de 1981, a través dos seus 12 artigos, o que vai regular as obrigas e deberes que adquieren tanto os depositantes coma os depositarios. Este decreto será derogado por outro de 10 de abril de 1987 polo que queda aprobado o Regulamento de Museos de Titularidad Estatal e do Sistema Español de Museos que rexe na actualidade, concretamente no seu capítulo III fala do relativo aos depósitos de institucións museísticas.

Os primeiros depósitos de obras de propiedade estatal chegan ao MPL no ano 1932, procedentes do Museo Nacional de Arte Moderna e débense a intervención de Antonio Méndez Casal. Este monfortino era licenciado en Dereito, tenente coronel do corpo xurídico militar, membro da Real Academia de Belas Artes e crítico de arte, e durante aquela época era o subdirector do MNAM. A súa axuda no nacemento do MPL será fundamental en todos os aspectos, incluso facilitando aos membros da Xunta as indicacións para a redacción do Regulamento do MPL.¹

O Museo Nacional de Arte Moderna créase en Madrid no ano 1894 con fondos do século XIX procedentes do Museo Nacional de Pintura e Escultura. Durante toda a súa historia este museo realiza adquisicións, entre as que destacan obras premiadas nas Exposicións Nacionais de Belas Artes e tamén recibe doazóns e depósitos.²

No ano 1971 o MNAM desaparece e as súas coleccións son repartidas entre o Museo do Prado, este que recolle as do século XIX mentres que o Museo de Arte Contemporánea adoptará as do século XX.

O Museo de Arte Contemporánea créase no ano 1952 para albergar as correntes artísticas modernas que non tiñan cabida no Museo do Prado e as súas coleccións quedarán incorporadas ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no 1992.

O 17 de marzo de 1995 un Real Decreto reformulaba o reparto das coleccións estatais empregando a data de 1881, do nacemento de Pablo Picasso, como liña divisoria, Isto dá lugar a que todas as obras de pintores nados antes desta data quedaran incorporadas ao Museo do Prado e as dos nados despois desta data quedasen adscritas ao MNCARS.

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía é un organismo autónomo dependente do Ministerio de Cultura e actualmente esta conformado por: os chamados

¹ Carta dirixida dende o M.N.A.M. de Madrid ao presidente da Deputación de Lugo. 11 de marzo de 1932. A.M.P.L.

² Dende eiquí M.N.A.M.

edificio Sabatini e o edificio Nouvel, este último é unha prolongación do primeiro, o Pazo de Cristal, no parque do Retiro e o edificio Velázquez.³

Unha vez que explicamos a orixe dos fondos que imos presentar, temos que dicir que o actual depósito de MNCARS no MPL está constituído por once cadros e cinco esculturas datados entre finais do século XIX e a primeira metade do século XX.

O primeiro depósito chega ao MPL, procedente do MNAM no mes de abril de 1932. Nesta ocasión trátase dun lote de seis cadros de varios artistas.

O depósito será aceptado pola Comisión Xestora do organismo provincial en sesión do día 28 de febrero de 1932 e levaba consigo a aceptación pola parte depositaria dunha serie de condicións que impónia o regulamento polo que se rexía o MNAM.

Coa aceptación do depósito a Deputación de Lugo tiña que comisionar a unha persoa para que se fixese cargo dos trámites en Madrid ademais de contratar a empresa “Casa Viúva de Macarrón” para os traballos de embalaxe e transporte cara a Lugo.⁴ A Deputación de Lugo aboaralle a esta empresa un total de 178 pesetas polos traballos de embalaxe dos cadros na sede do MNAM en Madrid, unha caixa para estes e outra xaula para un marco que viña desarmado, ademais de custear os portes destes vultos á estación de ferrocarril e a súa facturación a Lugo.⁵

A estos gastos habería que sumarles os ocasionados pola suba das caixas dende a estación de ferrocarril de Lugo ata o pazo de San Marcos, traballos que lles encargados ao persoal de confianza do organismo provincial.

O día 1 de xullo de 1932 ábrese a asentos o Libro de Rexistro do Museo Provincial, no que se anotan as seis obras do MNAM en calidade de depósitos : *Retrato de señora* de Rodríguez Jaldón; *Rincón de Toledo*, de Domenech; *Galerna*, de Nicolás Soria e *Ao mercado*, de Cruz Herrera. No ano 1971, estas pasarán a formar parte das coleccións adscritas ao Museo de Arte Contemporánea e actualmente pertencen ao MNCARS polo Real decreto de 31 de outubro de 1995.

As outras dúas obras *Retrato de señora*, de Alberto Rossi e *Galeotes*, de César Álvarez Dumont pasarán ao Museo do Prado.

Na Acta da Xunta de 23 de xullo de 1932 dáse conta da chegada ao Museo do lote das seis obras citadas e fáiselle constar o agradecemento da Xunta a Antonio Méndez Casal ademais que se acorda solicitar outras pezas escultóricas.

A Deputación de Lugo autoriza o gasto para o transporte de novas pezas dende o MNAM ata o Museo de Lugo pero desbota o ofrecemento dun relevo de Querol de enormes proporcións xa que só o traslado deste esgotaría o orzamento asignado para ese ano de 1933.⁶

³ Dende eiquí M.N.C.A.R.S.

⁴ Carta dirixida pola presidencia da Deputación de Lugo á empresa de embalaxe e transporte de obras de arte “Viuda de Macarrón e Hijos”, situada na rúa Jovellanos de Madrid. 12 de abril de 1932. A.M.P.L.

⁵ Factura remitida pola empresa “La España Artística. Viuda de Macarrón”, de Madrid polo envío dun lote de cadros ao Museo Provincial de Lugo procedentes do M.N.A.M. 26 de marzo de 1932. A.M.P.L.

⁶ Orzamento remitido pola empresa “La España Artística. Viuda de Angel Macarrón”, de Madrid, polo envío dun lote de obras de arte dende o M.N.A.M. 17 de xaneiro de 1933. A.M.P.L.

O día 14 de febreiro de 1933 sae de Madrid unha nova remesa con cadros e esculturas con destino ao MPL e uns días máis tarde sae outro debido a un cambio de última hora, xa que un cadro de A. fabré titulado *A escrava*, cámbiase por outro.

A factura da “Casa Viuda de Macarrón” ascende a 575 pesetas por tres caixas para os cadros, dúas caixas para os plintos de pedra das esculturas e catro caixas para as devanditas, ademais dos traballois de embalaxe no MNAM e do seu porte para a estación de ferrocarril e a súa facturación.⁷

Esta segunda remesa de obras procedentes do MNAM chegan a Lugo o día 20 de marzo de 1933 e, como dato curioso, sinalamos que son apuntadas no Libro de Rexistro do Museo Provincial dous meses antes da súa chegada.

Entre as obras que chegan neste envío actualmente pertencen ao MNCARS as esculturas: “*Torso de mujer*” de Jaime Otero Camps; “*San Francisco*”, de Francisco Asorey e “*Piedade*”, de Torre Ysunza; e os óleos: “*Retrato de don Ángel Lizcano*”, de J. F. de la Peña e o *Paisaxe* de Esteve Botey.

O resto das obras: *Retrato de señora*, de Raimundo Madrazo; *Les relevailles*, Paul Emile Sautai; *Jaraba* e *A cerca rota*, de Carlos de Haes; *Boceto da Raiña María Cristina*, de Francisco Domingo Marqués e *Retrato de Vicente Poleró*, de Federico de Madrazo están adscritas ao Museo do Prado.

Xunto con estas obras que acabamos de mencionar depositáronse outras que actualmente non están no MPL por decretarse o levantamento do seu depósito en diferentes datas.

O cadro titulado *Praia de Chipiona*, de Jiménez Aranda, foi devolto ao MNAM o día 19 de maio de 1934 despois de consideralo improcedente por vulnerar as condicións nas que se realizou o seu donativo.⁸

O depósito do cadro *Hasta verte Cristo meu*, de José García Ramos foi levantado e enviado ao Museo de Belas Artes de Sevilla por Orde Ministerial de 5 de febrero de 1962. Ante a perda desta obra, o entón director do MPL, Manuel Vázquez Seijas opúxose con firmeza e tras realizar unha petición formal ao entonces Director Xeral de Belas Artes consegue que ingrese en Lugo o cadro da artista license Julia Minguiñón titulado *A escola de Doloriñas*, premiado por unha medalla de primeira clase na exposición Nacional de Belas Artes de 1941 e que ingresa no MPL por Orde ministerial de 7 de xuño de 1962.

A escultura de Enrique Pérez Comendador, titulada *Saindo do baño*, retirouse por Orde ministerial de 23 de febreiro de 1995 para ser depositada no Museo de Badaxoz.

As acuarelas *Melancolía*, de George Owen Wynne e *A porta bermelha*, de Leitao de Barros e o óleo sobre lenzo titulado *Retrato do arquitecto Middlehurst*, de Hipólito Hidalgo de Caviedes y Gómez retiráronse por Orde ministerial de 8 de maio de 2012.

⁷ Factura emitida pola empresa “La España Artística. Viuda de Macarrón”, de Madrid, por un envío de cadros e esculturas ao M.P.L., procedentes do M.N.A.M. 15 DE FEBREIRO DE 1933. A.M.P.L.

⁸ Carta remitida polo director do M.N.A.M. para solicitar o levantamento de depósito da obra *Praia de Chipiona*, de Jiménez Aranda, ao M.P.L. 8 DE MAIO DE 1934.

Despois de ser inaugurado oficialmente o Museo Provincial de Lugo, ingresa o terceiro lote de obras procedentes do MNAM, por Orde Ministerial de 23 de decembro de 1933. Este envío inclúe catro esculturas de busto, dúas delas actualmente están adscritas ao MNCARS. *O pintor Antonio Pedone*, de José Fioravanti e *Retrato*, de Ignacio Veloso Molina, ambos de mármore; as outras dúas, realizadas en bronce *Retrato de Carolina*, de Enrique Marín Higuero e *Veterano da guerra de África*, de Jacinto Higueras Fuentes están adscritas ao Museo do Prado.

O día 8 de decembro de 1934 unha nova Orde ministerial autoriza o traslado doutro lote de obras de arte procedente do MNAM consistente en dúas paisaxes de Beruete e uns días máis tarde chega desmontado o cadro *Os frades* de Fernández Balbuena, debido ás súas grandes dimensións. O seu traslado destas tres obras ao Museo de Lugo suporalle á Deputación un custo de 483 pesetas.⁹

Destes cadros, o lenzo *Os frades* será o único adscrito ao MCARS e foi anotado no libro de Depósitos do MPL o día 30 de decembro de 1934.

O último depósito que efectúa o MNAM no MPL é cunha Orde Ministerial de 12 de marzo de 1936 e está constituído por cinco cadros adscritos actualmente ao Museo del Prado: *Mariña cunha boia*, e *Estudo de paisaxe*, de Eliseo Meifrén Roig; *A defensa da choza*, de Antonio Fillol Granell; *Noticias frescas*, de Luis Graner Arrufi e *O viático*, de Modesto Urgell e Ingla.¹⁰

Durante a Guerra Civil española pérdeuse todo contacto con Antonio Méndez Casal, reanudándose cando remata a contenda. Non obstante, nestes momentos o MNAM xa non está en condicións de facer novos depósitos por estar en fase de reorganización, situación que se agrava coa morte do subdirector deste museo en Madrid, no ano 1940.

En 1969 o Museo Español de Arte Contemporánea e o Museo do Prado, cumplindo cunha Orde ministerial de 24 dese mesmo ano, requírenlleis a todos os museos depositarios de obra de ambos os museos, incluído o MPL, para que no prazo máis breve posible remitan información exacta e completa sobre as obras depositadas e solicítase que se fagan informes do lugar onde se exhiben as ditas obras e o seu estado de conservación, requerimento que é cumprido inmediatamente e satisfactoriamente polo entón director Manuel Vázquez Seijas.¹¹

En sesión plenaria celebrada o día 12 de marzo de 2012, o Real Padroado do MNCARS autorizou a prórroga do depósito de trece das obras depositadas no MPL por un período de cinco anos renovables e na sesión da Comisión Permanente, celebrada o 24 de abril de 2012, aprobaron o préstamos temporal de tres novos óleos:

Retrato de muller, de Eduardo Malta; *Venecia*, de M.ª Luisa Pérez Herrero e *Paisaxe*, de Gerardo de Alvear y Aguirre que ingresaron no Museo Provincial de Lugo o día 21 de febreiro de 2013 por Orde ministerial de 8 de maio de 2012.

⁹ Factura emitida pola empresa “La España Artística. Viuda de Macarrón”, polo envío dun cadro ao M.P.L. 24 de decembro de 1934.

¹⁰ Factura emitida pola empresa “ La España Artística. Viuda de Macarrón”, polo envío de cinco cadros ao M.P.L. procedentes do M.N.A.M. de Madrid. 29 de decembro de 1935.

¹¹ Informe con documentación xerada polo cumprimento da Orde ministerial de 24 de marzo de 1969, con referencia ao estado de conservación dos depósitos dos museos estatais. 1969. A.M.P.L.

Depósitos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no Museo Provincial de Lugo:



Retrato de Señora
Juan Rodríguez Jaldón
(Sevilla 1890-1967)
1922
Óleo sobre lenzo
165 x 165 cm
N.º de Orde MPL: P-00125
N.º de Rexistro MPL: 2
N.º Catálogo do Museo do Prado: P05837
N.º do MNCARS AS00303
Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.
Orde ministerial de 20 de maio de 1932




Recuncho de capuchinas. Toledo
Esteban Domenech Fernández del Cornejo
(Santa Clara, Cuba 1888-1960)
1927
Óleo sobre lenzo
70 x 74 cm
N.º de Orde MPL: P-0771
N.º de Rexistro MPL: 3
N.º Catálogo do Museo do Prado: P05836
N.º do MNCARS: AS00403
Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.
Orde ministerial de 20 de maio de 1932



Ao mercado
José Cruz Herrera
(Línea de la Concepción, Cádiz 1890-
Casablanca, Marrocos 1972).
1924
Óleo sobre lenzo
200 x 200 cm
N.º de Orde MPL: P-00122
N.º de Rexistro MPL: 6
N.º Catálogo Museo do Prado: P05835
N.º do MNCARS: AS00337
Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.
Orde ministerial de 20 de maio de 1932



Galerna
Nicolás Soria González
(Avilés, Asturias 1882-
Oviedo, Asturias 1933)
1926
Medalla de segunda clase na *Exposición Nacional de Belas Artes* de 1926.
166 x 233 cm
N.º de Orde MPL: P-0124
N.º de Rexistro MPL: 5
N.º Catálogo do Museo do Prado: P05839
N.º do MNCARS: ASAS00372
Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.
Orde ministerial de 20 de maio de 1932



Retrato de D. Ángel Lizcano Monedero
José Antonio González de la Peña y
Rodríguez de la Encina
(Madrid 1887-1961)
1927
Óleo sobre lenzo
66 x 54 cm
N.º de Orde MPL: P-0680
N.º de Rexistro MPL: 268
N.º Catálogo Museo do Prado: P05844
N.º do MNCARS: AS00554
Depositado polo Museo Nacional de
Arte Moderna.
Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



Torso de muller
Jaime Otero Camps
(Mahón, Menorca 1888-Barcelona 1945)
Escultura en mármore
94 x 32 x 34 cm.
N.º de Orde MPL: E-041
N.º de Rexistro MPL: 263
N.º Catálogo Museo do Prado: E00607
N.º do MNCARS: AS00544
Depositado polo Museo Nacional de
Arte Moderna.
Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



Paisaxe
Francisco Esteve Botey
(San Martín de Provençals, Barcelona
1884-1955)
Óleo sobre lenzo
80 x 80 cm
N.º de Orde MPL: P-01015
N.º de Rexistro MPL: 276
N.º Catálogo Museo do Prado: P058443
N.º do MNCARS: AS00420
Depositado polo Museo Nacional de Arte
Moderna.
Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



Piedade
Pedro de Torre Ysunza y González Castroverde
(Don Benito, Badaxoz 1892-Madrid 1982)
1930
Talla en madeira e contrachapado
115 x 90 x 180 cm
N.º de Orde MPL: E-049
N.º de Rexistro MPL: 266
N.º Catálogo do Museo do Prado: E00602
N.º do MNCARS: AS00464
Depositado polo Museo Nacional de
Arte Moderna.
Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



San Francisco

Francisco Asorey González

(Cambados, Pontevedra 1889 - Santiago de Compostela 1961)

1926

Medalla de 1.º clase na *Exposición Nacional de Belas Artes* de 1926.

Talla en madeira policromada

186 x 114 x 50 cm

N.º de Orde MPL: E-052

N.º de Rexistro MPL: 265

N.º Catálogo Museo do Prado: E00608

N.º do MNCARS: AS00366

Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.

Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



O pintor Antonio Pedone

José Fioravanti

(Bós Aires, Arxentina 1896-1970)

Escultura en mármore

40 x 23 x 25 cm

N.º de Orde MPL: E-039


N.º de Rexistro MPL: 473

N.º Catálogo Museo do Prado: E00607

N.º do MNCARS: AS00354

Depositada polo Museo Nacional de Arte Moderna.

Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



Retrato

Ignacio Veloso Molina

(Madrid 1898)

1916

Escultura en mármore

46 x 18 x 28 cm

N.º de Orde MPL: E-037

N.º de Rexistro MPL: 474

N.º Catálogo Museo do Prado: E00601

N.º do MNCARS: AS00210

Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.

Orde ministerial de 7 de febreiro de 1933



O claustro

Roberto Fernández Balbuena

(Madrid 1891-México 1966)

1925

Medalla de Segunda clase na *Exposición Nacional de Belas Artes* de 1926

Óleo sobre lenzo

247 x 250 cm

N.º de Orde MPL: E-0782

N.º de Rexistro MPL: 700

N.º Catálogo do Museo do Prado: P05854

Nº DO mncars: AS 00368

Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna.

Orde ministerial de 8 de decembro de 1934



A Escola de Dolorñas

Julia Minguillón Iglesias

(Lugo 1906-1965)

1941

Medalla de 1.ª clase na *Exposición*

Nacional de Belas Artes de 1941

Óleo sobre táboa

200 x 220 cm

N.º de Orde MPL: P-0667

N.º de Rexistro MPL: 4495

N.º do MNCARS: AS00798

Depositado polo Museo Nacional de Arte Moderna en 1962 en intercambio co Museo de Belas Artes de Sevilla, onde pasou a pintura de José García Ramos titulada *Hasta verte Cristo Mío*.



Venecia

M.ª Luisa Pérez Herrero

(Madrid 1898 – 1934)

Ca.1929

Óleo sobre arpilleira

98 x 72 cm

N.º de Orde do MPL: P-0778

N.º de Rexistro MPL: 2013/513

N.º do MNCARS: AS00423

Depositado polo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía por Orde ministerial de 8 de maio de 2012.



Retrato de Muller

Eduardo Malta

(Coviha, Centro, Portugal 1900-1967)

1929

Óleo sobre lenzo

120 x 80 cm

N.º de Orde MPL: P-01014

N.º de Rexistro MPL: 2013/514

N.º do MNCARS: AS00416

Depositado polo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía por Orde ministerial de 8 de maio de 2012.



Paisaxe

Gerardo de Alvear y Aguirre

(Castillo de Siete Villas, Cantabria 1887- Madrid 1964)

Ca. 1955

Óleo sobre tablex

37 x 45 cm

N.º de Orde do MPL: P-0779

N.º de Rexistro MPL: 2013/512

N.º do MNCARS: AS01971

Depositado polo Museo Nacional Raíña Sofía por Orde Ministerial de 8 de maio de 2012.

Siglas

MPL - Museo Provincial de Lugo

MNCARS - Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía

MNAM - Museo Nacional de Arte Moderna

Bibliografía

- CARBALLO-CALERO RAMOS, M.^a Victoria: *Catálogo de pintura*. Museo Provincial de Lugo. Lugo: Museo Provincial de Lugo, 1969.
- ORIHUELA MAESO, Mercedes: "El Prado disperso. Cuadros depositados en Lugo. Museo" en *Boletín del Museo del Prado*, vol. 8, n.^o 24, 1987.
- PANTORBA, Bernardino de: *Historia y crítica de las Exposiciones Nacionales de Bellas Artes celebradas en España*. Madrid: Editorial Jesús Ramón García Rama J., 1980.
- VV.AA: *Cien años de pintura en España y Portugal (1830-1930)*. Editorial Antiquaria, 1989.
- VV.AA: *Diccionario de pintores y escultores del siglo XX*. Madrid: Forum Artis, 2000.

Fontes documentais

- Libro de Rexistro do Museo Provincial de Lugo
Libro de Actas do Museo Provincial de Lugo
Libro de Depósitos do Museo Provincial de Lugo
Documentos Arquivo do Museo Provincial de Lugo